

FRANCISCO X. FERNÁNDEZ NAVAL ESCRITOR

Con “Bater de sombras” o escritor Francisco X. Fernández Naval (Ourense, 1956) vén de gañar a décima edición do prestixioso certame de poesía Fiz Vergara Vilariño, un premio organizado polo Concello de Sarria e dotado con 6.000 euros. De feito

Naval gañou entre 86 poemarios presentados a esta cita de referencia na literatura galega. Moi vinculado con Ferrol –escribe con frecuencia no suplemento Nordesía deste xornal– a axenda de Fernández Naval é un fervedoiro de proxectos

entre os que están a publicación de varios libros e a recente estrea do seu programa nocturno “Baixo o mesmo ceo” na radio autonómica galega xunto coa poeta eumesa Eva Veiga. De sombras e de gozos falamos con este laureado escritor

“A sombra hai que combatila e vivir na luz, pero un día un pode decidir mirala aos ollos”

O gañador do premio Fiz Vergara Vilariño é habitual colaborador do suplemento Nordesía

NICOLÁS VIDAL

Que supón gañar o Fiz Vergara coa competencia de outros 86 traballos de toda Galicia?

—Unha alegría enorme. Ademais Fiz Vergara Vilariño era un poeta que aínda que non cheguei a coñecer si gozo da súa obra. Eu descubri a Fiz no 81 con aquel “Poeta muiñeiro á deriva”, un libro excelente. Logo fun polo seu territorio físico, polas terras de Lúzara intuíndoo ao meu carón. En canto ao feito de presentarme, decidín enviar o poemario porque publicar poesía non é doado, así que era o primeiro xeito de mover os textos antes de percorrer ningunha editorial.

—O traballo leva o título de “Bater de sombras”. De que sombras nos estás a falar?

—A obra é unha pescuda poética, un intento de coñecer esa parte de sombra que habita dentro de nós. Todos temos unha parte escura dentro de nós que hai días que se revela dunha maneira particular, hai días en que esa sombra parece querer ter un protagonismo maior do que lle queremos conceder. No meu caso procuro negarlle o espazo á sombra, a eses sentimentos escuros que temos e que un día poden ser unha xenreira e outra unha envexa. Esa realidade está sempre aí, forma parte de nós, unhas veces maniféstase con máis forza que outras, pero hai que combatela e vivir na luz. Iso si, xa sexa por madurez ou o que sexa houbo un intre no que decidín mirar aos ollos a esa sombra. O primeiro poema chamouse como o libro, “Bater de sombras”, e a partir de aí vinme conducido a escribir sobre ese lado escuro. Fíxeno cunha linguaxe limpa e transparente, tratando de enchela de ritmo e de significado.

—Tes a sensación de ter experimentado unha psicoanálise?

—Non exactamente porque a psicoanálise pretende ir máis alá e buscar causas. Isto busca verbalizar esa realidade, son circunstancias e sentimentos que nos nacen, como nacen a alegría e a tristura. Eu non pescudei na clave dun complexo ou dunha neurose. Creo que a esencia última está en nós e hai cousas que nos pasan.

—O teu seudónimo no premio foi Marlow, o protagonista de “O corazón das tebras” de Conrad. Era unha referencia?

—Si, no propio libro hai unha parte que é “O corazón das tebras”. Hai citas de Blake, Alexandre, Novalis, Rimbaud, Lautreamont, Baudelaire, Oscar Wilde... súpome a unha corrente cultural importantísima. Ó final lemos “As flores do mal” e facémolo con gusto, pero ese contido humano é o que lle dá dimensión ao texto. Espero que a este libro lle pase algo semellante, salvando as distancias...

—Moita xente alegrouse con este premio. Notas esa repercusión?

—Si, sorprendeume. Será que o Concello de Sarria coida particularmente o premio. É a súa décima edición e leva o nome dun poeta coñecido. Ao mellor todo iso axuda na repercusión.

—Tratas tódolos xéneros, saltas neles cando che apetece?

—Máis que a apetencia está a necesidade interior de cada momento. O cambiar de xénero o que me permite é descansar. Son incapaz de repetir e ten que pasar un tempo prudencial. A última novela saíu hai cinco anos e a nova non sei cando a rematarei. Trato de que non se esgote nin se volva estéril a fonte da que se nutre cada

PÉREZ-BARREIRO

“Que limitacións culturais tiña un galego como Fernando, que vivía en Londres e traducía o chinés?”

un dos procesos creativos que están detrás de cada xénero que traballo: a novela xuvenil, guías, relatos... de xeito que podo manter unha constante actividade literaria e sentirme vivo, que non se me esgota a emoción.

—Non percibes que haxa xéneros maiores ou menores?

—Non porque cada un ten o seu público e razón de ser. Eu estou encantado coa miña literatura xuvenil que só me dá alegrías. Se conseguín transcender na lingua



O poeta, ollando para o seu dobre escuro

MARIBEL LONGUEIRA

na que escribo e ter libros publicadas noutras linguas foi grazas ao meu personaxe do detective Suso Espada, esa alegría non a podo considerar menor porque ademais ábreme a un público que serán os meus lectores do futuro. Formas a lectores e chamas a atención a futuros lectores. Tampouco considero menor o relato, un xénero coas súas claves. Quizais a novela teña esa imaxe de xénero maior polo propio esforzo e dificultade que supón para un escritor terse enfrontado á estrutura dunha obra así, cos fíos que se tecen e destecen nunha novela. E a poesía ao final é a palabra, o sentimento e a emoción non pode ser un xénero menor.

—Vés de publicar con outros autores o libro de crónicas “Níxer”.

—Si, de cando fun alá coa ONG

VERSOS NAS ONDAS

O escritor presenta con Eva Veiga na Radio Galega o programa poético “Baixo o mesmo ceo”

Acción contra el Hambre. Participamos o escritor Camilo Franco, o pintor Alfonso Costa e máis eu. Estou moi satisfeito da crónica que escribín desa viaxe, o editor Manuel Bragado falou de crónica conmovedora; conseguir que alguén diga algo así dunha crónica é salvada de ser un xénero menor.

—Desde hai un par de semanas a poeta eumesa Eva Veiga e ti tedes un programa de poesía na radio autonómica, “Baixo o mesmo ceo”.

—Era un vello soño dos dous. A oportunidade xurdiu, houbo una proposta e estamos a comezar con moita ilusión, traballar con Eva sempre é unha alegría. Imos como un vagón dentro do programa “Expreso de medianoite” de Pepe Carreira, media hora os sábados sobre as doce e media da madrugada. Pretendemos demostrar que a poesía é falar de sentimentos e iso ten que ser algo próximo, que achegue á xente. Sempre estamos coa cantinela de que a poesía non a le ninguén, que é un xénero minoritario, pero cando creas un espazo onde pode alzar á voz, o público responde. Yolanda Castaño está a desenvolver na Coruña uns encontros poéticos aos que van centos de persoas, por non falar dos recitais de Eva Veiga co grupo Ouriol. Ao final sacas a poesía da casa e a xente é receptiva.

—Escribiches sobre Julio Cortázar e tes moito contacto con Arxentina e México. En que cres que pode limitar a cultura galega, como dixo o conselleiro?

—A nosa é unha cultura viva, que está no mundo e está escrita nunha lingua na que se pode expresar todo o que sentimos e o que nos pasa. Unha cultura viva non pode limitar nunca, outra cousa é que unha administración pública dunha colectividade que ten una cultura propia axude a que esa cultura entre en relación con outras. Unha cultura pode vivir pechada en si e saír o mesmo, porque xa o fixo, pero a obriga das administracións sería que esa cultura entrase en permanente relación con outras, un intercambio que é o que busca ao fin toda cultura. En xaneiro morreu un bo amigo, Fernando Pérez-Barreiro Nola, ilustre ferrolán, exemplo extraordinario de firmeza e crítico coa cultura galega, que o era. El reflexionaba moito sobre ela pero a súa era unha crítica construtiva, abría camiños e a súa reflexión buscaba fórmulas para comunicar. Máis el nunca tivo problemas, vivía en Londres, traducía do chinés e era o que era desde o seu posicionamento radical de pertenza a unha lingua e a unha cultura e un país. Fernando foi unha referencia, un auténtico exemplo do que todos soñamos que podemos ser.